

## Técnicas estatísticas en xeolingüística. Modelización onomástica

M<sup>a</sup> José Ginzo Villamayor<sup>1</sup>

<sup>1</sup>Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización. Universidade de Santiago de Compostela

### RESUMO

A comunicación centrarase na introdución de novas técnicas estatísticas para o tratamento de datos e modelización en xeolingüística, concretamente, en datos de onomástica en Galicia. Estrutúrase en dúas partes:

1. **Construción de rexións de apelidos en Galicia:** Os apelidos poden ser utilizados como unha fonte de información para caracterizar a poboación dunha rexión, dado que o análise dos patróns que se observan na distribución dos apelidos proporciona información sobre movementos e características das poboacións. Identifícanse os patróns de apelidos a través de medidas de isonimia (posesión dun mesmo apelido).
2. **Estudo e modelización de patróns espaciais e espazo-temporais dos apelidos:** Fixando rexións administrativas, como por exemplo, concellos, pode facerse uso de métodos espaciais e espazo-temporais para o análise de datos de conteo que permitan modelar o patrón subxacente á evolución dos apelidos. Con este obxectivo, farase uso de métodos de modelización xerárquica, como o modelo BYM (Besag et al. (1991) e Rue e Held (2005)). As técnicas desenvolvidas aplicaranse a datos de apelidos en Galicia, facilitados polo Instituto Galego de Estatística en base ao censo do ano 2011.